intecmar INSTITUTO TECNOLOXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA
Peirao de Vilaxoán, s/n
36611 Vilagarcía (Pontevedra)
Telf.: 986 51 23 20 / 22
www.intecmar.gal

En relación co informe solicitado por esa Xefatura Territorial, de data: 02/10/2024, sobre o estado das zonas de produción co fin de autoriza-lo inicio da extracción nos bancos marisqueiros de:

CONFRARÍA DE PESCADORES DE NOIA "SAN BARTOLOMÉ".

ZONAS: II, III Ría de Muros-Noia.

LUGAR DE TRABALLO: Ámbito do Plan, agás Saíñas-Corveiros (MN-030) e Enseada de Testal (MN-031) –autorizacións a flote e a pé-

ESPECIES: Ameixa Babosa, Ameixa Bicuda, Ameixa Fina, Ameixa Rubia, Ameixa Xaponesa, Berberecho, Chirla, Cornicha.

PARA AS DATAS DENDE: 14/10/2024 ata 31/12/2024.

INFORMOLLE:

ANTECEDENTES

1. As mostraxes do Intecmar nesta semana estiveron fortemente condicionadas polas diferentes situacións de alerta laranxa/vermella, segundo as zonas, derivada do paso da borrasca Kirk; o que provocou que na presente semana non se puideron recoller mostras nas estacións oceanográficas situadas na ría de Muros-Noia, polo que *non se dispón de resultados de identificación e reconto de fitoplancto tóxico na estacións oceanográficas da ría de Muros-Noia*.
2. Para tentar paliar dita carencia e ter información da dita ría, no día de hoxe se está a realizar unha mostraxe complementaria da columna de auga en puntos próximos aos polígonos de bateas.
3. O Informe técnico sobre identificación e cuantificación de fitoplancto tóxico da semana do 07/10/2024, informe EF41/24_RÍAS (Completo) emitido ás 9:38 horas do 11/10/2024, indica, para as rías nas que se puido realizar a mostraxe esta semana (Arousa, Pontevedra e Ares-Betanzos) un incremento significativo de células de *Dinophysis spp.*, especies produtoras de biotoxinas lipofílicas. (http://www.intecmar.gal/PDFs/zonas_2010.pdf).
4. A costa galega está a verse afectada por un episodio de toxina lipofílica que, nos últimos 7 días motivou o peche de 23 polígonos. Ver informe de Situación de Zonas (http://www.intecmar.gal/PDFs/Zonas_1401.pdf).
5. Dende o Intecmar se solicitaron mostras de molusco infaunal á Confraría de Noia o martes 08.10.2024, sendo que se prevé a súa chegada ao laboratorio no día de hoxe.

Documento asinado electrónicamente o 11/10/2024 11:36
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARÍA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: aa90c0a7-ab18-45e9-8fc2-9f76956c1b40

intecmar INSTITUTO TECNOLOXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA
Peirao de Vilaxoán, s/n
36611 Vilagarcía (Pontevedra)
Telf.: 986 51 23 20 / 22
www.intecmar.gal

Polo tanto, en base aos datos e antecedentes mencionados, consideramos que, ante a ausencia de datos de toxicidade na ría de Muros-Noia, e por mor do actual episodio de toxinas lipofílicas, procede actuar con cautela e infórmase **DESFAVORABLEMENTE** á petición realizada.

En calquera caso, tendo en conta que hoxe está prevista á chegada de dúas mostras de berberecho das zonas II e III da ría de Muros-Noia, non se descarta que, en función dos resultados obtidos, o sentido deste informe poida mudar aínda que non antes de mañá 12.10.2024.

Vilaxoán, na data da sinatura electrónica

A directora do Intecmar

Mª Covadonga Salgado Blanco

Documento asinado electrónicamente o 11/10/2024 11:36
Asinado por: SALGADO BLANCO, MARIA COVADONGA
Director/a do INTECMAR
CVE: aa90c0a7-ab18-45e9-8fc2-9f76956c1b40

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA